



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo  
15781 Santiago de Compostela

<b>XUNTA DE GALICIA</b> <b>CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN</b> <b>E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA</b>
19 SET 2005
<b>Registro Xeral SAÍDA</b> Nº.....1994

XACOBEO 2004  
Galicia



## **INSTRUCCIÓN SOBRE A ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA ESCOLA SUPERIOR DE ARTE DRAMÁTICA DE GALICIA**

Polo Decreto 145/2005, do 2 de xuño (*Diario Oficial de Galicia* do 6 de xuño) se crea a Escola Superior de Arte Dramática na cidade de Vigo. Así mesmo, co Decreto 220/2005, do 7 de xullo (*Diario Oficial de Galicia* do 8 de agosto) se establece o currículo destas ensinanzas.

Ante a posta en marcha destes estudos, no ano académico 2005-2006, procede establecer as normas para a organización e funcionamento desta escola superior.

A tal fin, o artigo 2 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (*Diario Oficial de Galicia* do 9 de agosto), polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, establece que os institutos específicos de formación profesional de grao superior, a escola superior de conservación e restauración de bens culturais, o instituto galego de educación secundaria a distancia, as escolas oficiais de idiomas, as escolas de artes aplicadas, os conservatorios de música ou de danza e calquera outro centro de características especiais rexeranse por este Regulamento e polas normas singulares que demanden as súas peculiaridades organizativas.

Por outra parte, a Orde do 1 de agosto de 1997 (*Diario Oficial de Galicia* do 2 de setembro) dicta instrucións para o desenvolvemento do precitado Decreto 324/1996, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento.

En relación a outras ensinanzas de réxime especial, é preciso ter en conta as circulares dictadas para a organización e funcionamento dos conservatorios de música, centros afíns ao de arte dramática, por canto participan, interdisciplinarmente, do corpo común denominado xenericamente "música e artes escénicas".

Cómpre, xa que logo, desenvolver o marco establecido polo Regulamento orgánico no antedito Decreto 324/1996, do 26 de xullo, co fin de proporcionar e concretar as directrices que faciliten o desenvolvemento das ensinanzas superiores de arte dramática, á espera dunha regulamentación específica para este tipo de centros.

En consecuencia, a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais dicta as seguintes instrucións:



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo San Caetano  
15781 Santiago de Compostela



**XACOBEO 2004**  
Galicia



1. En tanto non se desenvolva unha regulamentación específica para a organización e funcionamento da Escola Superior de Arte Dramática, será de aplicación o establecido no Decreto 324/1996, do 26 de xullo e na Orde do 1 de agosto de 1997 que o desenvolve.
2. O disposto na Circular 13/2004, da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións para a organización e o funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais, e dos centros autorizados elementais e profesionais de ensinanzas de música, será de aplicación na Escola Superior de Arte Dramática.
3. O disposto nos apartados anteriores será de aplicación na Escola Superior de Arte Dramática en todos aqueles aspectos que non contraveñan o establecido na súa lexislación específica e os límites fixados por ela.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2005

O Director Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais



Asdo: Antonio Vázquez Vázquez

SR. DIRECTOR DA ESCOLA SUPERIOR DE ARTE DRAMÁTICA  
SR. DELEGADO PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E O.U